

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, A AXENCIA DE INFRAESTRUTURAS DE GALICIA, O CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA, A DEPUTACIÓN DE LUGO E A DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA PAISAXE NA RIBEIRA SACRA

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte D^a. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, en relación co establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, co previsto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e co establecido no Decreto 42/2019, de 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dunha parte D^a Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e no artigo 9.a) dos Estatutos da axencia, aprobados por Decreto 173/2011, do 4 de agosto.

Dunha parte D. Luís Fernández Guitián, presidente do Consorcio Turismo Ribeira Sacra, actuando en nome e representación deste, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 12 dos estatutos do Consorcio Turismo Ribeira Sacra, publicados no Diario Oficial de Galicia, pola Orde do 8 de xuño de 2005.

Dunha parte D. Pablo Rivera Capón, na súa condición de deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social da Deputación de Lugo, por delegación do Presidente da Deputación de Lugo, de conformidade co previsto no Decreto de data 26-07-2019, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo artigo 34 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.



Dunha parte D. José Manuel Baltar Blanco, na súa condición de Presidente da Deputación de Ourense, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo artigo 34 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

As partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada un intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Protocolo de Colaboración, e para ese efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O 7 de setembro de 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 110/2020, de 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

De conformidade co establecido no artigo 10 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, ao Instituto de Estudos do Territorio, correspóndelle o exercicio das competencias relativas a promoción, deseño, execución e seguimento de programas ou accións e actividades formativas de concienciación para a sustentabilidade dirixidas ao conxunto da sociedade de Galicia e nas súas institucións, públicas e privadas, en especial, mediante a educación e formación nas materias de urbanismo, ordenación do territorio e paisaxe; o apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade; a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes, tales como os catálogos da paisaxe de Galicia, as directrices de paisaxe, os estudos de impacto e integración paisaxística, os plans de acción da paisaxe, incluída a elaboración dos informes deles derivados, así como calquera outro que se entendese como necesario para o cumprimento dos puntos anteriores; así como avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.

SEGUNDO.- Segundo o disposto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local son competencias propias das Deputacións: a) A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refire o apartado a) do número 2 do artigo 31; b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios; c) A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso,



supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial; d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. e) O exercicio de funcións de coordinación nos casos previstos no artigo 116 bis.

Igualmente e de conformidade do previsto no artigo 82 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a prestación homoxénea dos servizos mínimos constitúe un obxectivo a cuxa consecución se dirixirán, preferentemente, as funcións asistenciais e de cooperación municipal das Deputacións Provinciais, así como a coordinación e axuda da Comunidade Autónoma.

De conformidade co establecido polo artigo 55.d) en relación co artigo 10.1 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril e os artigos 187, 194 e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, correspóndelle á Comunidade Autónoma, a prestación da cooperación e asistencia activa que as entidades locais puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, podendo levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscripción de convenios as relacións de colaboración e cooperación económica.

TERCEIRO.- Son obxectivos básicos da Axencia Galega de Infraestruturas, de conformidade co previsto no artigo 1.3 do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproban os Estatutos impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas. A tales efectos, correspóndelle á axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas devanditas infraestruturas. Tamén ten por obxecto garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

CUARTO.- A paisaxe evoluciona constantemente, transfórmase sen cesar debido ás diversas actividades humanas que se desenvolven no territorio. Nas últimas décadas tanto o número como a intensidade e a velocidade dos cambios na paisaxe foron moi altos, e a miúdo comportaron a perda dunha parte dos seus valores e a súa degradación. A sociedade é cada vez máis consciente de que hai que adoptar un cambio de actitude cara á paisaxe, orientado a preservar e potenciar os seus valores (ambientais, culturais, estéticos, de uso, etc.).

A paisaxe é un compoñente destacado da calidade de vida das comunidades no marco dun desenvolvemento equilibrado e constitúe unha dimensión básica para a comprensión do territorio e de como ten sido a relación histórica dos habitantes con este. Por este motivo, a paisaxe debe ser un factor importante na toma de decisións sobre os procesos territoriais e ser integrada e considerada na acción das diferentes administracións e axentes socioeconómicos dun lugar.



Recentemente aprobouse a Orde do 21 de setembro de 2020 pola que se leva a cabo a actualización e revisión das áreas de especial interese paisaxístico AEIP-05-03 Canóns do Río Miño e AEIP-05-04 Canóns do Sil previstas no Catálogo das paisaxes de Galicia (aprobado polo Consello da Xunta de Galicia no Decreto 119/2016, do 28 de xullo), e coa que se fundiron as dúas áreas nunha única, denominada AEIP-05-03 Ribeira Sacra.

Desde a aprobación do Catálogo das Paisaxes, téñense sucedido iniciativas que inflúen de forma determinante na percepción da Ribeira Sacra entre as que salientan a declaración do Ben de Interese Cultural da paisaxe cultural da Ribeira Sacra polo Decreto 166/2018, de 27 de decembro, a proposta de Reserva da Biosfera da Ribeira Sacra e serras do Oribio e Courel.

QUINTO.- De conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, a consellería competente en materia de paisaxe elaborará plans de acción para a protección, xestión e ordenación da paisaxe naqueles territorios declarados como espazos naturais protexidos segundo o disposto na normativa galega vixente en materia de patrimonio natural, así como nas áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) identificadas nos catálogos da paisaxe.

Os plans de acción axustaranse ás determinacións contidas nas directrices de paisaxe para o territorio a que se refira, de conformidade cos obxectivos de calidade paisaxística establecidos, e incluírá ademais unha proposta de medidas para o mantemento, mellora, recuperación ou rexeneración das paisaxes presentes no seu ámbito.

Pola súa banda, o Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia regula no seu artigo 12 o procedemento de elaboración dos plans de acción da paisaxe, que se iniciarán por acordo da persoa titular da consellería competente en materia de paisaxe.

Correspóndelle ao Instituto de Estudos do Territorio a coordinación e dirección e, de ser o caso, a realización dos traballos de redacción dos plans de acción da paisaxe.

No seu artigo 23, o Regulamento da Lei de protección da paisaxe regula o contido dos plans de acción da paisaxe:

- a) Diagnose do estado actual da paisaxe, en que se identifiquen os tipos e unidades de paisaxe presentes na zona, os valores paisaxísticos, os elementos e lugares de singular valor e as áreas degradadas ou que sufriron algún impacto paisaxístico.
- b) Proposta de medidas para a consecución dos obxectivos de calidade paisaxística establecidos polas directrices de paisaxe, mediante o mantemento, a mellora, a recuperación ou a rexeneración, segundo corresponda, dos elementos conformadores, dos valores ou das zonas afectadas.



Dentro das actuacións que acompañan á candidatura da Ribeira Sacra a Reserva da Biosfera atópase esta importante acción en materia paisaxística que pretende promover a protección e mellora do medio ambiente da Ribeira Sacra.

SEXTO.- En data 26/03/2021 asinouose o acordo de inicio do plan de acción e someteuse a información pública por 2 meses (Publicado en DOG 19/04/2021 e ata o 29/06/201).

Igualmente solicitáronse os informes preceptivos o 14/04/2021 dando un período de 3 meses para a súa emisión.

Finalmente, en data 15 de xullo de 2021 aprobouse o Plan de Acción Ribeira Sacra mediante orde da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

SÉTIMO. Concorren na sinatura deste convenio, a través do que se formaliza o plan de acción da paisaxe na Ribeira Sacra, razóns de interese público, xa que a participación e colaboración das institucións que subscriben este pacto servirá como instrumento para acadar unha maior eficacia e coordinación dos entes integrantes.

Estamos, en consecuencia, ante a sinatura dun convenio que permitirá desenvolver e executar o contido dun plan de acción dos previstos no artigo 12 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, enmarcado dentro dun territorio que ten acadado importantísimos fitos paisaxísticos entre os que destacan:

- A declaración do Ben de Interese Cultural da paisaxe cultural da Ribeira Sacra polo Decreto 166/2018, de 27 de decembro.
- Presentación do documento técnico da proposta de Reserva da Biosfera da Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, ante á *Secretaría del Comité Español del Programa MAB (Home y Biosfera) de la Unesco* o 17 de decembro de 2019.
- O Plan Estratéxico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na Ribeira Sacra, aprobado polo Consello da Xunta o 12 de setembro de 2019.
- A declaración de Ribeira Sacra como Área de Rehabilitación Integral supramunicipal, aprobada polo Consello da Xunta o 21 de febreiro de 2020.
- O Pacto pola Paisaxe da Ribeira Sacra que o Instituto de Estudos do Territorio está a executar logo da sinatura o pasado 5 de outubro de 2020 dun convenio co Consorcio Turismo Ribeira Sacra e coa Federación Galega de Municipios e Provincias, pacto pola paisaxe que beneficiará á área de especial interese paisaxístico AEIP-05-03 "Ribeira Sacra", que se atopa na grande área paisaxística das Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil.

OITAVO.- Esta actuación enmárcase dentro do Plan de acción estratéxico para a Ribeira Sacra, impulsado no ano 2019 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co fin de promover un total de 10 actuacións ambientais e de ordenación do medio físico cun orzamento de 3,5 millóns de euros para mellorar e poñer en valor este territorio, reforzando así a súa candidatura a Reserva da Biosfera.



Cómpre lembrar que o regulamento da Lei de protección da paisaxe de Galicia establece que lle corresponde ao Instituto de Estudos do Territorio, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a coordinación, a dirección e, de ser o caso, a realización dos traballos de redacción deste tipo de instrumentos.

En concreto, prevese o desenvolvemento dun dun Pacto Pola Paisaxe así como dun Plan de Acción da Paisaxe, circunscibíndoo ao territorio de dous itinerarios de Interese Paisaxístico con valores panorámicos que transcorren maioritariamente na AEIP:

- 16. Chantada - Ponte Nova dos Peares.
- 17. Monforte de Lemos – Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (no tramo que conecta Cristosende co Mosteiro de Santo Estevo).

Neste contexto é no que se aborda a elaboración do Plan de Acción, promovido polo Instituto de Estudos do Territorio. Tras un estudo detallado dos itinerarios e doutras iniciativas en desenvolvemento, óptase por incorporar ao Plan de Acción o tramo Doade Pombar, sen limitalo ao tramo que propoñía o Informe estratéxico da CMATeV (Cristosende-Mosteiro de Santo Estevo), xa que quedarían excluídos puntos con alto interese paisaxístico.

O Plan de Acción da Paisaxe define as actuacións a realizar no ámbito dos itinerarios e o Pacto pola Paisaxe aborda unha intervención máis xeral na AEIP-05-03 Ribeira Sacra e na súa Área de Influencia.

Para definir o territorio ao que afecta o Plan de Acción da Paisaxe na Ribeira Sacra, pártese do trazado dos itinerarios de interese paisaxístico con valores panorámicos (en diante, Itinerarios Panorámicos) e da delimitación da AEIP 05-03 “Ribeira Sacra”.

Proponse incorporar ao Plan de Acción os espazos que atravesan estes itinerarios que, se ben non están dentro da AEIP, si están no ámbito declarado Ben de Interese Cultural. O obxectivo é incluír no espazo de actuación do Plan unha serie de puntos que contan con excepciónais características para a contemplación e comprensión da paisaxe.

En consecuencia, constatadas as necesidades, o seu interese público e tendo en conta os beneficios que se derivan para o seus habitantes e a poboación en xeral, o Instituto de Estudos do Territorio considera axeitado colaborar na execución das actuacións deste Plan de Acción, e para iso contribuír cunha achega económica de cento trinta E TRES mil euros (133.000,00 €).



A dita achega ten que realizarse a través do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, ente público local de base asociativa, que goza da condición de entidade local non territorial, con personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar, que nace co obxecto de articular a cooperación das administracións integrantes.

O Consorcio servirá con obxectividade os intereses públicos, actuando conforme os principios de eficacia e servizo aos cidadáns, descentralización, desconcentración e coordinación, con autonomía propia e sometemento pleno á lei e ao dereito.

NOVENO.- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto deste acordo é atender necesidades específicas da área de especial interese paisaxístico "Ribeira Sacra", que á súa vez se integrou dentro das actuacións previstas para a candidatura da Ribeira Sacra a Reserva da Biosfera.

Isto vese reforzado na medida en que o Consorcio Turismo Ribeira Sacra está integrado por 21 municipios das provincias de Lugo e Ourense.

Isto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMO.- O Consorcio cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Igualmente, o Consorcio cumpre co requisito de ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas as contas xerais de cada exercicio, previsto no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Así mesmo, en virtude do establecido na disposición adicional segunda da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a sinatura deste convenio precisa autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Por todo isto, ambas as partes deciden subscribir o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá polas seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre o Organismo Autónomo Instituto de Estudos do Territorio, a Axencia de Infraestruturas de Galicia o Consorcio Turismo Ribeira Sacra, a Deputación de Lugo e a Deputación de Ourense, que de maneira voluntaria subscriben e desenvolven este acordo, para a execución do Plan de acción da paisaxe na Ribeira Sacra aprobado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, mellorando as paisaxes e a calidade de vida dos cidadáns no marco do desenvolvemento sostible.

Todas as actuacións descritas na programación desenvolveranse en bens de titularidade das partes asinantes deste acordo.

SEGUNDA. DESENVOLVEMENTO DO CONVENIO PARA A ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN

Ano 2021: Orzamento máximo de execución: 66.500 €, IVE incluído.

Executarase o seguinte, por orde cronolóxica, sen prexuízo da execución simultánea da dirección de obra coa execución material desta:

1ª. Execución do Plan de Acción:

Unha vez aprobado o Plan de Acción, de conformidade co previsto no artigo 12 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e co recollido nos artigos 12, 13, 22, 23 e 24 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio impulsará a execución deste plan con cargo ao orzamento de funcionamento do IET para as anualidades 2021 e 2022.

No Plan de acción foron definidas as prioridades e concretáronse e programáronse as actuacións que se executarán ao abeiro deste convenio.

2ª Contratación do servizo de redacción do proxecto técnico, dirección facultativa das obras e coordinación de seguridade e saúde:

Con base no documento resultante do reflectido no punto 1º, o Consorcio Turismo Ribeira Sacra procederá á tramitación do expediente de contratación do servizo consistente na redacción do proxecto técnico, a dirección facultativa das obras e a coordinación de seguridade e saúde, que se executarán durante 2021 e 2022.

Licitárase por un orzamento máximo de 17.890,00 €, IVE incluído, segundo esta distribución e anualidades:



2021:

- Prestación de elaboración do proxecto técnico: 10.050,00 €
- Prestación de dirección facultativa das obras e coordinación de seguridade e saúde: 2.920,00 €

2022:

- Prestación de dirección facultativa das obras e coordinación de seguridade e saúde: 4.920,00 €

3º Execución do referido servizo na prestación relativa á redacción do proxecto técnico .

Orzamento máximo de 10.050,00 € IVE incluído.

Isto, sen prexuízo de que, en función do resultado da adxudicación, sexa inferior.

4º. Contratación da execución material das obras

Con base no documento técnico reflectido no punto 2º, o Consorcio Turismo Ribeira Sacra procederá á tramitación do expediente de contratación do contrato de obras que se executarán en 2021 e 2022, que se licitará por un orzamento máximo de 115.110,00 €, IVE incluído, coa seguinte distribución:

2021: 53.530,00 €

2022: 61.580,00 €.

Isto, sen prexuízo de que os importes respectivos deberan ser inferiores, de acordo co contido do citado proxecto técnico.

5º. Execución material da obra, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde:

En 2021 comezará a súa execución material, dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde en función dos contratos referidos nos puntos 2º y 4º. Os importes máximos de execución con cargo á anualidade 2021, serán os seguintes:

Execución: 53.530,00 €, IVE incluído.

Dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde : 2.920,00 €, IVE incluído.

Isto, sen prexuízo de que, en función do resultado da adxudicación, fosen inferiores.

Ano 2022: Orzamento máximo de execución: 66.500 €, IVE incluído

Execución material da obra, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde:

Continuarase con estas, en función dos contratos referidos nos puntos 2º y 4º. Os importes máximos de execución con cargo á anualidade 2022, serán os seguintes:

Execución: 61.580,00 €, IVE incluído.

Dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde : 4.920,00 €, IVE incluído.

Isto, sen prexuízo de que, en función do resultado da adxudicación, sexan inferiores.



Este plan de acción é conforme coas determinacións previstas tanto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, como no Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Ademais desta conformidade, maniféstase o compromiso de:

1. Empregar as Guías da Colección Paisaxe Galega.
2. Coordinar as actuacións obxecto do pacto con aquelas previstas no Plan de Ordenación do Medio Físico (POMF) para a parroquia de San Fiz de Asma (Chantada) en fase final de redacción pola Dirección Xeral de Urbanismo.
3. Coordinar as actuacións obxecto do pacto co resto dos departamentos da Xunta de Galicia que desenvolvan actuacións neste ámbito territorial.

A maiores do exposto, levarase a cabo un plan de difusión e comunicación: Este plan aportará un valor engadido ás actuacións do pacto ao contribuír á difusión de boas prácticas para a xestión da paisaxe e á sensibilización da poboación sobre a importancia e as potencialidades da protección da paisaxe. O obxectivo deste plan será dar a coñecer o Plan de acción e os seus resultados e beneficios á sociedade, co fin de aprender desta experiencia para o desenvolvemento de futuros plans de acción, así como de achegar aos cidadáns esta iniciativa.

Tanto o IET como o Consorcio Turismo Ribeira Sacra, a AXI, e as Deputacións de Lugo e Ourense colaborarán na realización das seguintes actuacións de difusión e comunicación:

1. Difusión do plan a través dos portais web - dedicándolle unha sección específica - e redes sociais corporativas de ambas institucións.
2. Presentación do plan e dos seus resultados en eventos locais, rexionais, nacionais ou internacionais sobre a temática.
3. Notas de prensa e noticias en medios de comunicación, así como convocatoria de roldas de prensa.
4. Elaboración de materiais e documentos divulgativos e publicitarios.
5. Actividades de sensibilización sobre a paisaxe destinadas ao público xeral.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

O Instituto de Estudos do Territorio, asume os seguintes compromisos:

1. Participar no financiamento das actuacións, en función dos contratos recollidos neste convenio, cunha achega máxima de cento trinta e tres mil euros (133.000,00 €), equivalente ao 100% do investimento previsto, sen prexuízo do indicado nos parágrafos seguintes, con cargo á aplicación orzamentaria 08 80 541E 760.00 (código de proxecto 2014 00003), repartido nas seguintes anualidades



2021.....	66.500 €, IVE incluído
2022.....	66.500 €, IVE incluído

O Instituto de Estudos do Territorio limitará, en todo caso, a súa achega económica ao pactado, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir na execución, limitándose a súa contribución máxima aos límites pactados no presente convenio.

A achega do IET reducirase, de ser o caso, no importe equivalente á contía da baixa de licitación dos respectivos contratos polo que, unha vez realizada a adxudicación de cada un deles por parte do consorcio, deberá notificala ao Instituto no prazo máximo de 10 días hábiles. Tras isto, levarase a cabo a redución da disposición de crédito inicialmente efectuada en virtude do convenio na referida contía, e segundo corresponda en función das anualidades de execución.

En todo caso, o financiamento de eventuais modificacións dos contratos correrá a cargo do Consorcio, así como, respecto do contrato de obra plurianual, o eventual pagamento que se puidera derivar da retención adicional de crédito do 10 % do importe de adxudicación realizada ao abeiro do disposto no artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Os pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto do convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica do IET diminuírase proporcionalmente.

Respecto de cada anualidade, só se considerará gasto financiable o realizado, considerándose desta natureza cando tivera sido contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente con límite a respectiva data de finalización de presentación da documentación xustificativa establecida na cláusula oitava, e sen prexuízo da posterior acreditación documental da súa efectividade.

Esta achega declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula segunda. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente. Así mesmo, o Consorcio beneficiario poderá subcontratar ata o 100% do investimento obxecto da axuda.

2. Inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.
3. Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.



4. Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria, así como verificar o cumprimento do disposto na cláusula segunda.
5. Exercer a coordinación, supervisión, e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio.
6. Apoio nas actividades de comunicación e difusión.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA

1. Promover a realización das actuacións previstas na cláusula segunda deste pacto.
2. Supervisar as actuacións obxecto deste convenio, a cuxo efecto designarán aos/ás técnicos/as que se estime necesario.
3. Asumir os compromisos financeiros previstos na cláusula anterior respecto de eventuais modificacións dos contratos e encargarse, de ser o caso, de buscar outras formas de financiamento necesarias para o desenvolvemento das actividades obxecto do pacto.
4. Dado que o contrato de obra é de carácter plurianual, asumir a retención adicional de crédito do 10 por cento do importe de adjudicación no momento en que esta se realice, e o eventual pagamento que desta se puidera derivar, de acordo co previsto no artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
5. Realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, segundo a normativa vixente que sexa aplicable, asumindo os custos que se xeren por estes conceptos, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o consorcio o promotor e beneficiario destas actuacións.
6. Tramitar os expedientes de contratación previstos na cláusula segunda e o seguimento da súa execución, así como da obra e da dirección facultativa e de coordinación de seguridade e saúde, o control e recepción das obras e subministracións previstas no documento técnico, e formalizar os actos de recepción das mesmas, así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado neste convenio.
7. Comunicar ao Instituto de Estudos do Territorio a data de recepción das obras para o efecto de que se envíe un representante, que estará presente para o efecto do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. De acordo coa mesma Lei 9/2007, o Consorcio asume a total responsabilidade das execucións ante o Instituto de Estudos do Territorio. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista ou contratistas encargados de executar as obras, a obriga da colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 27.5.
9. Presentar a documentación xustificativa da execución e gastos nos termos especificados na cláusula oitava.
10. Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
11. Comunicar ao Instituto de Estudos do Territorio, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo



caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio. Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, de ser o caso que as actuacións se financiaran ademais de coa subvención derivada deste convenio, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

12. Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento, neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

13. Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

14. A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

QUINTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Axencia Galega de Infraestruturas promoverá a difusión deste pacto e levará a cabo as seguintes actuacións para alcanzar os obxectivos previstos:

- A posta a disposición das estradas da súa titularidade para o desenvolvemento das medias aprobadas no plan.
- A obtención das preceptivas e/ou necesarias autorizacións.

SEXTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

A Deputación de Lugo promoverá a difusión deste pacto e levará a cabo as labores necesarias para alcanzar os obxectivos previstos, fundamentalmente no tocante ás actuacións que se desenvolvan nas estradas da súa titularidade, como son a súa posta a disposición para o desenvolvemento das medidas aprobadas no plan, así como a obtención das autorizacións preceptivas, no caso de ser necesario.

SÉTIMA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

A Deputación de Ourense promoverá a difusión deste pacto e levará a cabo as labores necesarias para alcanzar os obxectivos previstos, fundamentalmente no tocante ás actuacións que se desenvolvan nas estradas da súa titularidade, como son a súa posta a disposición para o desenvolvemento das medidas aprobadas no plan, así como a obtención das autorizacións preceptivas, no caso de ser necesario.



OITAVA.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA EXECUCIÓN E GASTOS

O Consorcio Turismo Ribeira Sacra deberá presentar ante o Instituto de Estudos do Territorio, a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, a documentación xustificativa, segundo o ritmo da execución das actuacións e sen prexuízo das datas límites sinaladas para cada anualidade:

1. Anualidade 2021. A documentación acreditativa da execución e gastos imputables a esta presentarase con data límite o 15 de decembro de 2021, e será a seguinte:

1.1. Conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, de acordo co previsto no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que abranguerá o seguinte:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación desta polo órgano competente, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número/s de factura/s ou documento/s equivalente/s, importe/s, data/s de emisión e data/s de recoñecemento da/s obriga/s polo órgano competente.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) No seu caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.2. Documentación acreditativa do expediente de contratación do servizo para a redacción do proxecto técnico da execución das obras, da dirección facultativa e da coordinación de seguridade e saúde (inicio, adxudicación e execución na parte correspondente a esta anualidade):

- Acordo de inicio
- Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas
- Resolución de adxudicación
- Proxecto técnico entregado polo adxudicatario
- Certificación ou informe de conformidade coa execución
- Factura/s
- Certificación ou documento acreditativo da contabilización do recoñecemento da/s obriga/s polo órgano competente.



O anterior, sen prexuízo de que dentro da data límite poida achegarse a documentación xustificativa da/s transferencia/s bancarias do/s pagamento/s realizado/s; de non ser así, deberá acreditarse documentalmente a súa efectividade no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data de ingreso na conta bancaria do adxudicatario/a.

1.3. Documentación acreditativa do expediente de contratación da execución material das obras (inicio, adxudicación e execución na parte correspondente a esta anualidade):

- Acordo de inicio
- Prego de cláusulas administrativas particulares
- Resolución de adxudicación
- Certificación/s de obra
- Factura/s
- Certificación ou documento acreditativo da contabilización do recoñecemento da/s obriga/s polo órgano competente.

Así mesmo, será de aplicación o previsto no último parágrafo do punto 1.2.

2. Anualidade 2022. Deberá achegarse a documentación acreditativa da execución nos mesmos termos do punto 1.1 anterior, mais respecto dos gastos imputables a esta, con data límite o 30 de outubro de 2022 e, ademais, a seguinte:

2.1. Documentación xustificativa da execución da obra:

- Certificación/s de obra.
- Acta de recepción
- Certificación final
- Factura/s.
- Certificación ou documento acreditativo da contabilización do recoñecemento da/s obriga/s polo órgano competente.

Así mesmo, será de aplicación o previsto no parágrafo 1.2.

2.2. Documentación xustificativa da execución do servizo no referente á prestación da dirección facultativa das obras e da coordinación de seguridade e saúde:

- Factura/s.
- Certificación ou informe de conformidade coa execución
- Certificación ou documento acreditativo da contabilización do recoñecemento da/s obriga/s polo órgano competente.

Así mesmo, será de aplicación o previsto no parágrafo 1.2.



Sen prexuízo do anterior, deberá acompañarse toda a documentación que proceda en relación coas eventuais modificacións dos contratos.

NOVENA. RÉXIME DE PAGAMENTOS

O Instituto de Estudos do Territorio financiará as actuacións ata un máximo de cento trinta e tres mil euros (133.000,00 €), en función da distribución por anualidades, cos límites previstos nas cláusulas terceira e cuarta e fará efectivos os pagamentos mediante transferencia bancaria ao Consorcio Turismo Ribeira Sacra.

Prevese a realización de pagamentos tras a presentación da documentación xustificativa segundo o sinalado na cláusula oitava e ata, como máximo, o importe definitivo da disposición de crédito correspondente a cada unha das anualidades.

Isto, sen prexuízo de pagamentos a conta, segundo o recollido na citada cláusula, de acordo co seguinte:

Anualidade 2021: pagamentos segundo o ritmo da execución do contrato de servizo na prestación consistente na redacción do proxecto técnico, do contrato de obras e do servizo na prestación consistente na dirección facultativa e de coordinación de seguridade e saúde, previa expedición da conformidade ou de certificacións, segundo a natureza do contrato, así como do efectivo aboamento do correspondente importe.

Anualidade 2022: Pagamentos segundo o ritmo da execución do contrato de obras e de dirección facultativa e de coordinación de seguridade e saúde, e a expedición, previa expedición da conformidade ou de certificacións, segundo a natureza do contrato, de certificacións e efectivo aboamento do importe consignado nelas.

En todo caso, o conxunto dos pagamentos a conta non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá do establecido para cada anualidade. En consecuencia, de ser o caso, o restante 20 % aboarase unha vez achegada e completa a documentación xustificativa segundo o previsto na cláusula oitava, en función do importe de disposición de cada exercicio orzamentario.

Con carácter previo aos pagamentos, o Instituto de Estudos do Territorio comprobará que o Consorcio se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e o Instituto de Estudos do Territorio,



de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o consorcio asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

UNDÉCIMA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

DÉCIMO SEGUNDA.-VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 31 de decembro de 2022, salvo prórroga por 1 ano por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.

DÉCIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como da Lei 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e da garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión mixta de seguimento, composta por un membro de cada unha das entidades asinantes. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das



partes. En caso de discrepancia, correspóndelle ao IET resolver as controversias relativas á interpretación e execución do convenio.

Esta comisión mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- b) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio
- c) Liquidación do convenio se fose o caso.

A comisión mixta de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

DÉCIMO SEXTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Si se producen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio, sen prexuízo dos danos e perdas imputables ao causante.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPETENCIAS DE INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A administración desfrutará de todas as prerrogativas relativas á interpretación e aplicación, das estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes. Así, as controversias que poidan xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, resolveranse pola persoa que ostente a presidencia do Instituto de Estudos do Territorio. As súas resolucións poñerán fin á vía administrativa, podendo ser recorridas en vía administrativa mediante a interposición do



recurso potestativo de reposición previsto na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En proba de conformidade asinan dixitalmente o presente convenio, no lugar ao comezo citado.

Ángeles Vázquez Mejuto

Ethel María Vázquez Mourelle

Luís Fernández Guitián

Presidenta do Instituto de
Estudos do Territorio

Presidenta da Axencia Galega
de Infraestruturas

Presidente do Consorcio
Turismo Ribeira Sacra

Pablo Rivera Capón

José Manuel Baltar Blanco

Presidente da Deputación de Lugo
P. D. Decreto de data 26-07-2019
o Deputado Delegado de Promoción
Económica e Social

Presidente da Deputación de Ourense

